


A NOSA BISBARRA



VERÁN 2010

Donativo 6€

Nº 20

A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA
CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD VIANA, A VILA DAS CATRO PO	CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD O ANTRÓPODOS POLAS TERRAS DE	CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD VIANA: MEL, COGOMELOS E OUTRAS C	CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD OUTONO E INVIERNO EN VIAN	CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD VIANA é bisbarra en festas
SUMARIO	SUMARIO	SUMARIO	SUMARIO	SUMARIO
VERÁN 1994 DONATIVO 200 Ptas.	INVERNO 1994-1995 DONATIVO: 200 Ptas.	VERÁN 1995 DONATIVO: 250 Ptas.	OUTONO E INVIERNO 1995-96 DONATIVO: 250 Ptas.	VERÁN 1996 DONATIVO: 250 Ptas.

A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA	A NOSA BISBARRA
CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD PONTE DE SAN ANTÓN	CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD VIANA & BISBARRA EN FESTAS DE	CULTURA, OPINIÓN, SUMARIO Número dedicado os artistas	CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD SUMARIO	CULTURA, OPINIÓN, ACTUALIDADE SUMARIO
SUMARIO	SUMARIO	SUMARIO	SUMARIO	SUMARIO
Invierno 1996-97 Donativo 300 Ptas.	Primavera-Verán 1997 Donativo: 300 pías.	Outono-Inverno 1997-98 Donativo: 350 pías.	Verán 1998 Donativo: 350 pías.	Verán 1999 Donativo: 300 pías.

A NOSA BISBARRA				
CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD				
Sumario	Sumario	Sumario	Sumario	Sumario
VERÁN 2000 Donativo: 300 pías.	VERÁN 2001 Donativo: 300 pías.	VERÁN 2002 Donativo: 350 pías.	VERÁN 2003 Donativo: 350 pías.	VERÁN 2004 Donativo: 350 pías.

A NOSA BISBARRA				
CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD				
VERÁN 2005 Donativo: 300 pías.	VERÁN 2006 Donativo: 300 pías.	VERÁN 2007 Donativo: 400 pías.	VERÁN 2008 Donativo: 400 pías.	VERÁN 2009 Donativo: 400 pías.

Teño visto ficar no camiño varias publicacións deste tipo, quizais esta perviva polo empeño que lle poñen estas persoas, e quizais tamén polo formato escollido, pola convivencia publicación-pobo, xa que aquí o pobo é o protagonista, os seus saberes e historias vense plasmados nos textos e nos copiosos retratos que tamén aportan.

Dende aquí felicito aos promotores desta idea, cos desexos de que

"A Nosa Bisbarra"

siga enchendo de cultura todos os recunchos desta contorna.

VIANA

CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDAD

ECOLOXISTAS E MEDIOAMBIENTE, ESTÁN LEVANDO Á RUÍNA AOS GANDEIROS

Esto é, unha reivindicación dunha gandeira titular dunha explotación prioritaria, ecolóxica e, en zona desfavorecida. O meu ganado son ovellas a maioría galegas en perigo de extinción, polo que son unha loitadora na súa recuperación e conservación, amo os meus animais por riba de todo e sinto un tremendo respecto pola natureza, polo que eu esixio que, se me respekte de igual forma a min e aos meus animais.

O día 28 de marzo do 2010 cámbielle de pasteiro ós doce machos que teño para cubrir as 400 ovellas da miña explotación, desparasiteinos e metinos nunha parcela da finca que teño ao pé da nave. Como fixe sempre deixeinos alí e cando fun ó día seguinte para darriles de beber atopeime que entrara o lobo e me fixera unha desfeita, había cinco mortos, tres deles comidos e os outros sete feridos, dous deles moi graves. Ningún se pode imaxinar a grandísima impotencia que sientes cando atopas ós animais que tanto sacrificio che custou criar e velos espenachados e feridos coas tripas fóra e sen poder facer nada para salvarllela vida e ter que presenciar tantísimo sofrimento que che parte o corazón.

Agora que ven a época das cubricións para os partos da navidade, que macho lles boto? Veñen os protectores do lobo a solucionarme o problema, o vou a buscar sabe Deus a onde sementais, sen saber que problemas podo meter na explotación?, quen me quita a min o estrés que sinto cada vez que estando co rebaño se espantan as ovellas e empezo a suar e tremer pensando se será o lobo?, que calidade de vida me agarda si nos cercados que tanto esforzo me custou facer para poder ter algúun día libre, agora non podo deixar o gando só?



Unha dor, ver asina os animaliños!!

Cando chamas para que veñan a avaliar os danos, o primeiro que che din e que non toques nada ata que pasen os axentes, porque senón igual manipulas as probas, inda por riba. Trátannos como se nós fossemos os delincuentes e claro os animais feridos que aguanten, tíñanos que atacar a eles, os que os botaron e defenden, haber se lles botaban un par e esperaban ata que eu fose a socorrellos.

E as protectoras de animais. Como é que non ven iste maltrato? Ou é que só é maltrato a vara do pastor? Ou as banderillas do toro? Que che coman un animal mentras está vivo, sacarlle as tripas, reventarlle os testículos, furarlle o pescozo, etc. Eso non é maltrato? Ou é que as ovellas non son animais? Polo visto estamos criando para manter a catro alimañas, áinda que as alimañas más grandes, son os que os botan.

A min non me parece mal que queiran manter todas as especies de animais que se poda, pero non a nosa conta, que os manteñan os ecoloxistas e os de medioambiente, que habilitem zonas específicas para eles, incluso os gandeiros podíamos cooperar dándolle todo o desvelte do noso gando, pero que non nos veñan a quitar o noso pan da maneira que o están facendo.

Quero que quede claro, que eu son unha auténtica defensora dos animais, e sobre todo das razas en perigo de extinción, proba delo é que eu teño ovella galega, galiña de Mos e porco Celta, pero non llas levo as fincas, nin as casas dos ecoloxistas para que me as manteñan. E non nos olvidemos da sanidade, ben' que nos obrigan a sanear, vacinar e desparasitar ó noso gando, quien garantiza que os depredadores non están contaxiando enfermidades e parasitos a meu gando?



Nieves e Xesús, o seu pai...
Que xa está "no alto", lembrámoste

Meus animaliños queridos! Que tristura!

A Señora Sara, a Adela e a Gerarda ensinan aos máis novos a espallar



O José Manuel, un artista, cargando o carro



A miña maneira de ver sodes pior que o lobo, porque botades un animal que mata por pracer, non para comer, só como din moitos, mentres hai animais vivos mata todos os que pode, logo come ata fartarse, e o resto queda por alí esparrado. Se esto non é un asesinato que veña Deus e o vexa, pero os asesinos más grandes son os organismos que permiten e ordenan botulos, claro eles están a salvo nas súas oficinas, coa calefacción e o aire posto e cobrando o que nós lles pagamos, que más lles da afundirnos económica e moralmente?

E que non se lle ocurra a ningún gandeiro atacar o lobo por defender o seu gando, nin decir que hai que desfacerse del que te levan preso.

Algúns deles dinche: non sei de que vos os queixades se vos pagan os danos, inda por riba con guasa. De que me valen a min os cartos que me dean (que xa veremos canto e cando) se me quedei sen sementais seleccionados pra o meu gando.

Tamén che comentan: para eso os dan subvencións, para mercar cans e para facer cercados.

E digo eu: cuntos cans teño que mercar para que se enfronte cunha manada de lobos como a que atacou aos meus carneiros? E os peches: e áinda que o subvencionan porque así as ovellas non poden escapar e o lobo prea a gusto porque onde tiña eu ós carneiros está valado con estacas de formigón, alambre, avelleiro, un arame de espiño polo fondo e outro por riba, como temos que pechar? Supuestamente vivimos en democracia e permítensen expresar libremente, pois ben, hai vai o que eu penso.



O palleiro que bonito velo neste tempo

Insto a quen lle compite que analice as grandísimas perdidas económicas que os gandeiros sofrimos a causa dos ecoloxistas e medio ambiente, eles amenazan a supervivencia de múltiples explotacións gandeiras, tamén terían que evaluar o grandísimo abuso de poder que exercen estes que permiten botar lobos. Poñan en práctica medidas adecuadas para paliar este problema, porque o goberno non está só para pedir os votos cando son as eleccións, teñen a obriga de apoiarnos e defendernos ante semellante lacra. Porque non queiran facer crer que queren fixar poboación no rural actuando desta maneira. Que se dan axudas, que se hai igualdade, que hai progreso na actividade agrícola e gandeira, todo mentira.

Inda por riba quéixanse que cada vez hai menos homes e mulleres que levan a cabo labores agrogandeiras. Se eles son os responsables. Sembramos os cereais, coidamos a viña e mesmo as pradeiras, ven o xabaril e desfaite todo, criamos o gando, ven o lobo e matachelo, como vai haber relevo xeracional? Imposible.

Cal é a prioridade perante a Consellería do Medio Rural? A supervivencia do lobo o a dos gandeiros? Porque as dúas xuntas é imposible.

Esiximos protección, que en definitiva é a súa obriga; pensen que os gandeiros somos os que fixamos poboación no rural, acadámola terriña. E producimos o alimento para todos, que de pouco lles vai a valer ter moitos lobos cando non quedemos gandeiros que teñamos gando, van a ter que comer a xente.

NIEVES FERNÁNDEZ VIDUEIRA

**Non todas van a ser tristuras. Xeiras, xuntanzas, que por sorte aínda conservades.
Tes toda a razón, Neves, querémoste!**



Quintela do Pando. Xuntouse o pobo enteiro para facer a malla e a seitura tal e como facían os nosos antergos. É como en tempos! Despois da xeira compartimos en harmonía comida, lembranzas e ledicia.